

**Número 13 - Ano 2022**

**ACTA**

**da sesión EXTRAORDINARIA, en primeira convocatoria, celebrada polo Pleno do Excmo. Concello de Lugo o día**

**16 de decembro de 2022**

No Salón de Sesiões do Excmo. Concello de Lugo, cando son as once horas e seis minutos do día dezaseis de decembro de 2022; baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, reúnen-se os concelleiros e concelleiras DON RAMÓN CARBALLO PÁEZ; DONA MARÍA CARMEN LÓPEZ SILVA; DON ANTONIO AMEIJIDE OSORIO; DONA BEATRIZ ISABEL VÁZQUEZ BELDA; DONA MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO; DONA SAGRARIO SÁNCHEZ RAMIL; DON ÓSCAR POY FRANCO; DONA MARÍA CRISTINA ABADES MARTÍNEZ; DON MANUEL RAFAEL PÉREZ-PRADOS; DON ÁLVARO SANTOS RAMOS, Ilmo. Tenente de Alcalde Delegado da Área de Sostibilidade Urbana; DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Ilma. Sra. Tenenta de Alcalde da Área de Gobernanza, Economía e Recursos Humanos; DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Ilmo. Tenente de Alcalde Delegado da Área de Cohesión Territorial; DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Ilma. Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cohesión e Dinamización Social; DON MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBAN, Concelleiro Delegado de Xuventude e Deportes; DONA MARÍA OLGA LÓPEZ RACAMONDE, Concelleira Delegada de Benestar Social, Inclusión e Persoas Maiores; DONA SILVIA ALONSO PÉREZ, Concelleira Delegada de Muller e Igualdade; DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, Ilmo. Tenente de Alcalde Delegado da Área Mobilidade e Infraestruturas Urbanas; DONA TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, Ilma. Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua; DON ALEXANDRE PENAS ROIBÁS, Concelleiro Delegado de Infraestruturas Urbanas; DONA MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ, Ilma. Tenenta de Alcalde da Área de Participación e Servizos para a Veciñanza; DON FELIPE RIVAS JORGE, Concelleiro Delegado de Educación e Difusión do Coñecemento; e DONA MARÍA OLGA LOUZAO ALDARIZ, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria do Excmo. Concello Pleno, en primeira convocatoria, conforme á correspondente orde do día.

Para os efectos de votación, faise constar que a Corporación municipal está formada por vinte e cinco concelleiros de feito e de dereito, incluída a presidenta.

Non asiste DON JAVIER VÁZQUEZ PRADO nin DON JUAN MANUEL VIDAL-PARDO GARCÍA, que xustificaron a súa ausencia.

**ACTAS E GOBERNO**

RBB/jch

Refª: ispac5985107946334517297.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 16-12-2022

Dá fe do acto o Secretario Xeral do Pleno, don Rafael José del Barrio Berbel, e está presente o Interventor Xeral Municipal don Manuel Vázquez Fernández.

A presente sesión foi convocada por resolución da Alcaldía de data 13 de decembro de 2022 e notificada por Secretaría aos membros da Corporación conforme ao seguinte ORDE DO DÍA:

1/168 ORZAMENTO XERAL 2023.

2/169 APROBACIÓN DA PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE LUGO NA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS DA FUNDACIÓN BIODIVERSIDAD DEL MINISTERIO PARA LA TRANSICIÓN ECOLÓGICA Y EL RETO DEMOGRÁFICO, PARA A ACTUACIÓN DO ITINERARIO EXTERIOR DO PARQUE LINEAL VERDE DE LUGO - PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA. C.P. 23XX000015.

Aberto o acto pola Presidencia e da súa orde, étrase seguidamente no exame da orde do día, e adóptanse, en relación con ela, os seguintes ACORDOS:

1/168 **ORZAMENTO XERAL 2023.-** Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos, entre outros, os seguintes documentos:

1. PROPOSTA DA ALCALDÍA, do 2 de decembro de 2022, do seguinte teor literal:

“O proxecto do Orzamento Xeral Consolidado da Corporación para o ano 2023 ascende nivelado en ingresos e gastos a 117.996.853,42 euros e atende o cumprimento do principio de estabilidade nos termos previstos na Lei 2/2012, de Estabilidade Orzamentaria e sostenibilidade financeira, modificada pola Lei Orgánica 4/2012, e está integrado polos seguintes orzamentos:

- O da propia Corporación, que nivelado en ingresos e gastos ascende a 117.996.853,42 euros.
- O da empresa EVISLUSA, que nivelado en ingresos e gastos ascende a 374.127,35 euros .
- O Orzamento da propia Corporación distingue entre gastos e ingresos correntes, de capital e financeiros, en euros:

- Gastos correntes: .....103.875.041,26 €

- Ingresos correntes: .....104.330.179,66 €
- Gastos de Capital: .....14.021.812,16 €
- Ingresos de Capital: .....1.791.673,76 €
- Gastos financeiros: .....100.000,00 €
- Ingresos financeiros:.....11.875.000,00 €

O Orzamento da empresa EVISLUSA distingue entre:

- Gastos..... 374.127,35 €
- Ingresos..... 374.127,35 €

Os estados de gastos e ingresos por Capítulos preséntanse segundo o seguinte resumo:

### RESUMO POR CAPÍTULOS

#### ORZAMENTO DA PROPIA CORPORACIÓN (€) ESTADO DE GASTOS

#### **A) OPERACIÓNS CORRENTES**

##### Capítulos:

1.- Gastos de persoal .....	35.520.326,72
2.- Gastos en bens correntes e servizos .....	62.000.098,03
3.- Gastos financeiros .....	44.000,00
4.- Transferencias correntes .....	5.910.616,51
5.-Fondo de Continxencia e outros imprevistos .....	400.000,00

#### **B) OPERACIÓNS DE CAPITAL**

##### Capítulos:

6.- Investimentos reais .....	12.639.974,35
7.- Transferencias de capital .....	1.381.837,81

#### **C) OPERACIÓNS FINANCEIRAS**

##### Capítulos:

8.- Activos financeiros .....	100.000,00
9.- Pasivos financeiros .....	0

---

**TOTAL ORZAMENTO .....117.996.853,42**

#### **ESTADO DE INGRESOS**

#### **A) OPERACIÓNS CORRENTES**

##### Capítulos:

1.- Impostos Directos .....	38.033.450,00
2.- Impostos Indirectos .....	4.892.900,00
3.- Taxas e outros ingresos .....	27.326.499,83
4.- Transferencias correntes .....	33.328.879,83
5.- Ingresos Patrimoniais .....	748.450,00

**ACTAS E GOBERNO**

RBB/jch

Refº: ispac5985107946334517297.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 16-12-2022

**B) OPERACIÓNS DE CAPITAL**Capítulos:

6.- Alleamento de investimentos reais .....	0,00
7.- Transferencias de capital .....	1.791.673,76

**C) OPERACIÓNS FINANCIEIRAS**Capítulos:

8.- Activos financeiros .....	100.000,00
9.- Pasivos financeiros .....	11.775.000,00

---

**TOTAL ORZAMENTO** 117.996.853,42**ORZAMENTO DA EMPRESA EVISLUSA (€)****A) GASTOS**

- Aprovisionamentos (actividade)	0,00
- Gastos de Persoal	323.661,39
- Outros gastos de explotación (xerais)	50.465,96
<b>TOTAL.....</b>	<b>374.127,35</b>

**B) INGRESOS**

- De explotación (Actividades singulares)	34.000,00
- Outros ingresos explotación (Act. Ord.)	340.127,35
<b>TOTAL.....</b>	<b>374.127,35</b>

**ORZAMENTO XERAL CONSOLIDADO****ESTADO DE GASTOS (€)****A) OPERACIÓNS CORRENTES**Capítulos:

1.- Gastos de persoal .....	35.843.988,11
2.- Gastos en bens correntes e servizos .....	62.050.563,99
3.- Gastos financeiros .....	44.000,00
4.- Transferencias correntes .....	5.536.489,16
5.- Fondo de Continxencia.....	400.000,00

**B) OPERACIÓNS DE CAPITAL**Capítulos:

6.- Investimentos reais .....	12.639.974,35
7.- Transferencias de capital.....	1.381.837,81

**C) OPERACIÓNS FINANCIEIRAS**Capítulos:

8.- Activos financeiros .....	100.000,00
9.- Pasivos financeiros .....	0,00

---

**TOTAL ORZAMENTO** 117.996.853,42

## ESTADO DE INGRESOS

### A) OPERACIÓN CORRENTES

#### Capítulos:

1.- Impostos Directos .....	38.033.450,00
2.- Impostos Indirectos .....	4.892.900,00
3.- Taxas e outros ingresos .....	27.326.499,83
4.- Transferencias correntes .....	33.328.879,83
5.- Ingresos Patrimoniais .....	748.450,00

### B) OPERACIÓN DE CAPITAL

#### Capítulos:

6.- Alleamento de investimentos reais .....	0,00
7.- Transferencias de capital .....	1.791.673,76

### C) OPERACIÓN FINANCIERAS

#### Capítulos:

8.- Activos financeiros .....	100.000,00
9.- Pasivos financeiros .....	11.775.000,00

---

<b>TOTAL ORZAMENTO</b>	<b>117.996.853,42</b>
------------------------	-----------------------

Así mesmo, inclúense as Bases de Execución que conteñen a adaptación das disposicións xerais en materia orzamentaria e fiscalizadora á organización e circunstancias da propia Entidade.

#### Ó Orzamento Xeral únense como anexos:

- 1º. Plan de Investimentos do 2023.
- 2º. Proposta da xerencia da sociedade mercantil do Programa anual de actuación, investimento e financiamento da empresa EVISLUSA.
- 3º. O estado de consolidación de tódolos orzamentos que integran o Xeral.
- 4º. Estado de previsión da débeda.

#### Ó Orzamento da propia Corporación únese como documentación complementaria:

- Memoria.
- Liquidación do Orzamento de 2021, resumida por capítulos.
- Avance da liquidación de 2022, resumida por capítulos en ingresos e gastos, referenciada a 30.09.2022.
- Anexo de persoal.
- Anexo de investimentos que se prevén realizar no exercicio, debidamente codificado.
- Informe económico-financieiro.
- Informe da Intervención Xeral.

Por todo o exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a aprobación do proxecto de Orzamento Xeral para o exercicio 2023, e a elevación o Excmo. Concello Pleno para a adopción dos seguintes acordos:

1º. Aprobar o Orzamento Xeral Consolidado para o exercicio 2023 que ascende nivelado en ingresos e gastos a **117.996.853,42** euros, e atende o cumprimento do

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac5985107946334517297.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 16-12-2022

principio de estabilidade nos termos previstos na Lei **2/2012**, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira; o Orzamento está integrado polo Orzamento da Propia Corporación que ascende a **117.996.853,42** euros nivelado en gastos e ingresos e o Orzamento da empresa EVISLUSA, que ascende nivelado en ingresos e gastos a **374.127,35** euros, cos estados de gastos e ingresos, segundo resumo anterior, e coa documentación anexa e complementaria á cal se fai referencia e que se une ó expediente.

2º Aprobar o cadro de persoal do Concello de Lugo, tanto de funcionarios como de laborais, segundo figura no expediente confeccionado para o efecto polo servizo de Persoal.

3º. Aprobar as Bases de Execución do Orzamento Xeral 2023, según consta en documento anexo ao expediente.”

2. INFORMES DE INTERVENCIÓN, de data 2 de decembro de 2022, que figuran no expediente.

3.- ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, do 7 de decembro de 2022, polo que se aproba o proxecto de Orzamento xeral para o exercicio 2023.

4. DITAME FAVORABLE DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS E ORDINARIA DE ALCALDÍA E GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS, emitido na sesión celebrada o día 13 de decembro de 2022.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

**Votos emitidos: 23**

- **Votos a favor:** 13 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Votos en contra:** 10 dos Grupos Municipais do Partido Popular e de Ciudadanos Lugo.
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por maioría absoluta, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar o Orzamento Xeral Consolidado para o exercicio 2023 que ascende nivelado en ingresos e gastos a **117.996.853,42** euros, e atende o

cumprimento do principio de estabilidade nos termos previstos na Lei **2/2012**, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira; o Orzamento está integrado polo Orzamento da Propia Corporación que ascende a **117.996.853,42** euros nivelado en gastos e ingresos e o Orzamento da empresa EVISLUSA, que ascende nivelado en ingresos e gastos a **374.127,35** euros, cos estados de gastos e ingresos, segundo resumo anterior, e coa documentación anexa e complementaria á cal se fai referencia e que se une ó expediente.

SEGUNDO.- Aprobar o cadro de persoal do Concello de Lugo, tanto de funcionarios como de laborais, segundo figura no expediente confeccionado para o efecto polo servizo de Persoal.

TERCEIRO.- Aprobar as Bases de Execución do Orzamento Xeral 2023, según consta en documento anexo ao expediente.

### DELIBERACIÓN

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Pois, para iniciar o debate do orzamento, ten a Concelleira de Gobernanza e Economía a quenda de palabra. Seis minutos, tal como acordamos na Xunta de portavoces de ampliar os tempos para debater o orzamento municipal.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señora alcaldesa. Pois estes orzamentos do ano 2023 serán, un ano máis, claramente expansivos e sociais. A finalidade fundamental é continuar coa transformación da nosa cidade para conseguir un Lugo verde e sostible. E tamén continuar co plan de recuperación económica, que activamos tras a pandemia, e no que estamos a investir a maior contía económica da nosa historia. Estes orzamentos do ano 2023 protexerán as familias e as empresas, consolidarán o noso modelo de cidade e de recuperación económica. Buscan combinar xustiza social e eficacia económica. As contas municipais, como vostedes ben saben, ascenden a 118 millóns de euros, a preto de 118, o que supón unha subida do 10,4% respecto ao ano 2022. Un crecemento importante que busca esta protección que falabamos de familias e sectores produtivos fronte a unha situación de inflación actual con índices de prezos de consumo moi elevados ocasionados polo incremento do prezo da enerxía. Podemos sinalar as catro liñas principais destes orzamentos, que son a primeira delas o mantemento das importantes contías dedicadas ao escudo social: protexer as persoas e colectivos sociais máis vulnerables.

A estas políticas municipais destinaranse preto de 30 millóns de euros, dirixidos aos programas sociais de benestar, persoas maiores, muller, infancia, xuventude e partidas coas que iremos traballando para acadar mellores niveis de calidade de

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac5985107946334517297.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 16-12-2022

vida. Atender os colectivos máis vulnerables e integrar os sectores máis desfavorecidos, así como fomentar a oferta educativa, deportiva, cultural e turística.

A segunda gran liña é a conxelación, un ano máis, das taxas e impostos municipais. Malia o aumento do gasto na mellora dos servicios esenciais cos novos contratos, como poden ser o do lixo ou de mantemento de zonas verdes, entre eles, non é un momento de impoñer máis carga á nosa veciñanza.

Afondamos así nun ciclo de contención fiscal que debe contribuír a apuntalar o período de recuperación económica. A terceira gran liña é o incremento do capítulo de investimentos, que se incrementa nun 17,85%, respecto ao ano 2022, ata acadar preto de 14 millóns de euros, unha cifra histórica dirixida moi especialmente á reactivación económica e a facer fronte aos novos retos que ten esta cidade.

Avanzarase na segunda transformación de Lugo desde distintas áreas de goberno para mellorar as infraestruturas nos barrios e tamén no rural, aproveitar os Fondos Europeos Next Generation para modernizar Lugo e situar a cidade á vangarda das políticas de benestar social e loita tamén contra o cambio climático. E a cuarta liña fundamental é o aumento do capítulo de gasto corrente, nun 9%, indispensable para cubrir toda a suba de prezos e investimentos e atender as necesidades da cidade, necesidades fundamentalmente como son de limpeza, de medio ambiente ou melloras no transporte. Estas contas son posibles grazas á posición de solvencia e estabilidade que ten este Concello, que se acadou, como vostedes saben, no ano 17, cunha débeda cero. Débeda cero que se mantivo durante todos estes anos.

Grazas á mesma e ante a necesidade de apuntalar esta recuperación económica e o apoio social tras estes anos de crise, consignouse na previsión inicial de ingresos, un endebedamento financeiro de 11,7 millóns de euros, cantidade moi por debaixo dos límites prudentes destes orzamentos.

E todo iso, sen prexuízo da súa modificación por recursos derivados dos remanentes, como xa se fixo, e vostedes saben, nos orzamentos do ano pasado e do anterior.

Este proxecto de orzamentos tamén responde aos obxectivos que nos marcamos como municipio no Plan de Acción da Axenda Urbana Lugo 2030, recentemente aprobada tras desenvolver distintos procesos de participación cidadá, e tamén cos sectores económicos. En canto ao capítulo de ingresos, o seu aumento fundaméntase no incremento das achegas que proceden do Estado pola vida de participación nos seus tributos, tamén ao cofinanciamento do Fondo Europeo con cargos Next Generation. Tamén á previsión de ingresos das taxas urbanísticas que se alcanzarán tras a entrada en vigor da nova ordenanza reguladora, que permitirá, como sabedes, axilizar a tramitación burocrática.



Pero tamén debemos destacar o novo contrato de inspección tributaria que nos permitirá, cunha optimización da aplicación dos impostos, unha recadación maior.

A medio prazo, estes orzamentos 2023 estarán orientados á execución dos Fondos Europeos de Recuperación Next Generation, con liñas dirixidas fundamentalmente á dixitalización, ao desenvolvemento sostible e á cohesión social. Todos estes investimentos estratéxicos para o futuro da nosa cidade, que se completará tamén co noso Fondo de Capital Lugo Transforma, que reportará centos de novos postos de traballo e a promoción del Lugo como un polo de modernización de primeiro nivel.

Polo tanto, imos loitar contra as desigualdades e pola defensa dos dereitos sociais, o apoio á dinamización económica, a recuperación e a atender os máis vulnerables. Estas son as contas para a maioría social, son as contas da maioría social, fronte aos agoireiros, aos de "canto peor, mellor", fronte aos catastrofistas e fronte a quen deseixa a agonía da cidadanía, estes son os orzamentos que dan a estabilidade a Lugo.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, Moitas grazas. Pois quenda agora para a portavoz de Ciudadanos.

- **MARÍA OLGA LOUZAO ALDARIZ:** Moi bos días a todos e a todas. A verdade é que despois de escoitar á señora Alvarellos case que cambiaría toda a miña exposición, pero imos comezar.

O primeiro que nos gustaría desde o noso grupo municipal era que este bigoberno nos dese resposta a unha pregunta. Se realmente están satisfeitos, realmente están satisfeitos, coas contas que están presentando. Porque a nós resúltanos absolutamente imposible poder atopar argumentos sólidos e cribles para poder apoialos, pero seguramente vostedes que están tan afeitos ao autobombo ou a explicar o inexplicable, pois arroxan un pouco de luz e nos iluminan a nós e a todos os lucenses.

E pídolles que deixen dun lado a falacia que repiten ano tras ano dunhas contas expansivas, porque o único que están a expandir, como bigoberno, é un gasto descontrolado que segue incrementando, esquecendo o prioritario e dedicando millóns de euros a proxectos que están abocados ao fracaso máis absoluto.

E xa verán como tarde, máis tarde ou máis cedo, o tempo nos dará a razón como en tantas outras cousas.

Dicía a señora Méndez, cando presentou estas contas aos medios de comunicación, aos que, por certo, hai que darlles a en hora boa por ter acceso a tal primicia, que son unhas contas rigorosas e solventes.

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac5985107946334517297.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 16-12-2022

Non lles vou negar que estaba expectante por comprobar como reflectirían nestas contas expansivas todas as recomendacións feitas por Intervención durante estes anos. A expectación converteuse claramente nunha absoluta decepción, e xa van unhas cantas con este bigoberno, irresponsable, porque nin aprenden, nin aprenderán.

O informe de Intervención que acompaña este proxecto de orzamentos é demoledor. E deixa evidencia de que o único que lles despreocupa a vostedes é o agora. E para nada o futuro desta administración.

Pero imos por partes. O primeiro que fixemos foi ler detidamente a memoria da alcaldesa, que xa nos pon sobre aviso de como serán estas contas.

Como dixen antes, fálanos novamente dunhas contas expansivas. O ano pasado eran expansivas e solidarias. Agora quédase só no de que se expanden, ao que non lle falta razón. Di tamén que sempre considerando o cumprimento do marco legal existente, coa inmejorable posición de solvencia e estabilidade do Concello, poden presentar un orzamento, novamente, di a señora alcaldesa, expansivo. Queda claro que non lle dedicou nin un minuto do seu tempo no informe de Intervención onde lle quita toda a razón. Nin cumpre a estabilidade orzamentaria, nin a regra de gasto, nin as recomendacións do Consello de Ministros, no que se decidiu suprimir un ano máis estes requisitos. A taxa de referencia é dun 3,3%, pero aquí como estamos que lo tiramos, pois estamos nun 37,42%. Sobrados, pero para mal, claro.

E agora imos co obxectivo de estabilidade orzamentaria. O ano pasado argumentaba fachendosa a señora alcaldesa que cumpría, aínda que non fose necesario. Este ano, pois como vemos que non leu con atención o informe, ímosllo lembrar. O ano pasado, o total de capacidade ou necesidade de financiamento era positivo en 14 millóns de euros. Pero miren por onde, os nosos presaxios de que fan vostedes costa abaixo e sen freos quedan perfectamente evidenciados cando este mesmo dato reflicte 12 millóns, pero en negativo. A ver que din esta vez, porque esta solvencia de rigorosidade da que falan, froito da súa concienzuda xestión, pois é inexistente.

O ano pasado fixéronlle falta 5.700.000 euros para cadrar as contas. Este ano, 11.775.000.

O ano pasado o aforro neto era de case 4 millóns de euros. Este ano, 455.000.

E veremos como se liquida o orzamento de 2022, e non vaia ser negativo este aforro, que xa non poderán solicitar ese préstamo e a ver que fan entón. Esta é a solvencia da que fala a señora Alvarellos, da que nos acaba de falar a señora Alvarellos.

O que constatan estes datos é que vostedes son un bigoberno afastado da máis absoluta realidade e uns temerarios, levados unicamente pola competencia entre os dous socios de goberno e sen amosar un mínimo de sentidiño.

E como poderán esperar, nós non imos apoiar unhas contas que confirman que están á arruinar esta administración. Porque sabiamos que isto ía pasar, e non llo deixamos de repetir en múltiples ocasións.

Pero como se oísen chover, e hoxe aquí as consecuencias de non ter tomado decisións. Logo, a alcaldesa danos unhas pinceladas de por onde van ir os gastos destas contas. Fala de loita contra as desigualdades, pero nin un euro máis para a emerxencia social, tendo en conta a situación de vulnerabilidade de moitas familias lucenses.

Din que apoian a actividade económica. É verdade, 62 millóns de euros, máis do 50% do orzamento en pago a servizos a empresas externas. Menos mal que os seus socios de goberno eran firmes defensores das remunicipalizacións, ata querer municipalizar o contrato do lixo. Quen os viu e quen os ve.

O que si fixeron, todo hai que dicilo, por non faltar á verdade, foi suprimir o servizo do 010, tan demandado e útil, que xa non parece nin orzamentado. Tamén nos fala do dereito á vivenda, impulsando a rehabilitación. Os únicos que agora mesmo non teñen dereito á súa vivenda son os propietarios que teñen okupadas as súas vivendas, porque falar de rehabilitación cando non hai nin un só euro novo para fomentala... Somos a terceira cidade española con máis vivendas baleiras, con barrios degradados e abandonados. E falan vostedes de rehabilitación? En serio? Salvo que aquí entre a conversión da Fábrica da Luz en cafetería, que entón si que haberá que darlles a razón.

Son unhas contas que lles obrigaron a facer recortes en moitas áreas: Cultura, Cemiterio, vías públicas, Servicios Sociais, San Froilán, Arde Lucus, Deportes, Zona Rural, Participación Cidadá... Por que non falan disto? Porque os números non enganan, e esa é a realidade. O único que non reduciron, é certo, foi a partida da propaganda da Alcaldía, que se quedou neses 150 mil euros, que este ano parecen ser máis necesarios que nunca.

E dicía o noso señor Arroxo que, sendo pesimista, o Concello gastaría oito millóns de euros en enerxía no vindeiro ano. Supoño, señor Arroxo, que lle caerían as bágoas cando viu o orzamentado. Case once millóns e medio. Pero para que facer unha auditoría enerxética ou recuperar a Fábrica da Luz para producir enerxía? Son mellores unhas bañeiras, unha cafetería ou novos edificios que non sabemos para que serán, pero que si que seguirán aumentando o gasto corrente deste Concello cando xa non hai cartos. Un absoluto sen sentido. O que deberían explicar

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac5985107946334517297.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 16-12-2022

é se son realmente necesarios ou como se van manter se cada equipamento nos custa aos lucenses unha media de 300 mil euros ao ano.

A nós as contas non nos dan.

O noso voto non está condicionado polo capítulo de investimentos. Malia non compartir partidas que aquí aparecen, como a Fábrica da Luz, compartimos que hai que seguir avanzando nas peonalizacións e seguir coidando e mantendo a cidade. E continuarei na miña seguinte intervención.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben. Moitas grazas. Pois queda agora para o concelleiro de Infraestruturas.

- **RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ:** Grazas alcaldesa. E moi bo día a todas e todos.

Ben, falouse de irresponsabilidade e temeridade. E se algo quedou patente xa na crise do 2008 é que as vellas receitas da dereita de retraer os orzamentos son precisamente a irresponsabilidade e temeridade en momentos de crise como o que estamos a vivir agora. Ademais dunha crise que é a terceira en moi poucos anos. Vivimos a da pandemia, vivimos a crise de subministracións e agora estamos vivindo a crise da suba dos prezos.

É evidente que se por algo van estar marcados estes orzamentos é pola suba de prezos de enerxía. A suba de prezos de enerxía que todo o mundo está a vivir. Nas súas casas, as persoas autónomas, as pequenas empresas e, polo tanto, tamén as administracións. Non son alleas a todo iso.

Evidente, iso impide dedicar certas partidas que seguramente serían ideais poder dedicar a outros tipos de cuestións, pero que teñen que ir destinadas ao previsible alto pago de enerxía.

Malia a todo, con estes orzamentos conséguese que se dea continuidade a unha serie de proxectos que se están a levar adiante e que sen dúbida, e iso é indubidable, están facendo que Lugo mellore. E algúns destes proxectos, por facer un breve resumo, podían ir pois aquí incluídos, son como de continuar co impulso ao barrio de Recatelo. Por certo, algo que se acordou neste Pleno e que vai continuar nestes orzamentos para a renovación do muro de Frai Plácido Rei de Lemos, que se ten aquí falado, ao que se lle leva facendo seguimento bastante tempo, e agora os informes técnicos indican que é o momento de renovalo, e así se está a facer. Nestes días, de feito, pois que xa foi apuntalado para facer os estudos pertinentes e poder levalo a súa renovación. Tamén nese barrio se vai levar adiante a segunda fase de peonalización da rúa de Issac Díaz Pardo ou a renovación do carril dos Loureiros. E vaise continuar co plan do calmado do tráfico, que é algo que ademais está a ter unha gran demanda nun primeiro momento por parte das

comunidades escolares, tamén de moitas persoas. Aquí non hai día que non chegue unha petición dalgún tipo de elemento de calmado do tráfico nalgunha rúa de Lugo. Ademais sempre acontece o mesmo nestas cousas. Ninguén os quere na cidade, pero todo o mundo os quere diante da súa casa. De feito, o Partido Popular cuestionaba hai tres anos os elementos de calmado do tráfico e despois tamén os pedía nas comisións. Son ese tipo de incoherencias que supoño que todo o mundo teremos. Pero si que é importante que, malia que poden dicir, como se dicía no seu momento por parte da oposición, que ralentizaban o tráfico, están conseguindo reducir os atropelos. Están conseguindo, pois, que nestes contornos sexa moito máis seguro. Eu prefiro que o tráfico vaia máis lento se non hai atropelos. Iso que quede claro. Seguiremos a mellorar tamén a seguridade peonil. Non só co calmado do tráfico, senón tamén coa mellora da iluminación dos pasos de peóns. Temos detectado que hai unha serie de pasos de peóns que están deficientemente iluminados, que evidentemente tamén crean seguridade, e a partida deste ano dedicada á mellora da iluminación vai ir moi centrada especificamente neste punto que queremos que agora mesmo pode ser un punto moi importante, que todos os pasos de peóns teñan a mellor iluminación posible.

Vaise continuar coa mellora e a renovación de rúas e de beirarrúas. Algo que ademais tamén chegan solicitudes constantemente, pola propia veciñanza, polos propios grupos da Corporación municipal. E que ademais son partidas que se executan no 100% case no mes de setembro. É dicir, chegamos ao mes de setembro e xa non hai cartos para isto porque se están executando con moita axilidade. E incluso o que vai destinado aos polígonos industriais para que sigan mellorando.

E vaise continuar, como dicía antes, gañando o espazo público. Nestes tres últimos anos hai 15 novas rúas peonís na nosa cidade, o cal supón dúas hectáreas de superficie, que estaban ocupadas polos coches e hoxe están ocupadas, ou poden estar ocupadas, xa polos peóns, algo ademais que foi moi importante, sobre todo, no tema da pandemia. Cando tivemos a pandemia, creo que todo o mundo se deu de conta que o único espazo público que teñen as cidades, despois dese plantexamento que houbo, sobre todo, nos anos setenta e nos anos oitenta, é unha beirarrúa de 1,20 m de ancho, como moito, que é o que nos atopamos ao saír pola nosa porta. E non temos moito máis espazo público ca iso. Por iso as cidades agora, a nivel mundial, están procurando darlle a volta e avanzar nese camiño, algo que, dende logo, dende este goberno municipal se está a ter en conta. E ademais un camiño que tamén pon en valor o patrimonio que temos na nosa cidade. Temos a única muralla romana completa de todo o mundo. Algo que debemos pór en valor por todas as vías, tamén facendo -como se ficho- que deixase de ser a rotonda máis grande do mundo e que hoxe xa pouco a pouco avanza en ser ese espazo co seu protagonismo.

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac5985107946334517297.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 16-12-2022

Agardo tamén que nas outras administracións, en concreto na Xunta de Galiza, se aposte por levar adiante a rehabilitación do barrio da Tinería. Algo moi importante, evidentemente, para poñer en valor a muralla, e que se aposte en serio, non un edificio cada 4 anos, como se le va facendo de media nos últimos 14 anos.

Levaranse adiante tamén melloras da mobilidade, algunhas como esa proposición que recentemente foi levada adiante por Ciudadanos, para a rotonda da Fonte dos Ranchos, que ademais vai ir dunha forma máis ampla. Vaise facer un estudo, un proxecto, non só para a propia Fonte dos Ranchos, senón para que poida ser a avenida das Américas, incluso tratar iso con máis globalidade.

Seguirase apostando pola mellora da Praza da Abastos, do mercado municipal, que ademais nestes últimos tempos está conseguindo ter un impulso, algo moi importante porque é comercio local e produto de proximidade, que ao final é o que crea postos de traballo no noso contorno, e seguir apostando pola actividade cultural, moi especialmente pola actividade cultural local, con programas como o que se levaron adiante, como Muralleando, como a participación de moitos grupos locais no San Froilán, etc. E seguiremos na seguinte quenda.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois, quenda agora para o portavoz do Partido Popular.

- **ANTONIO AMEIJIDE OSORIO:** Moitas grazas, alcaldesa. Os orzamentos do 2023 eu creo que habería que poñerlles outro título que podería ser o manual de como vender fume e mentiras en vésperas electorais. A primeira mentira é cando se fala de que este orzamento conxela impostos e taxas municipais.

Pero é que este orzamento nin conxela, nin enforna, nin quenta, nin arrefría, nin... Non lle fai nada ás taxas municipais, é que nin as toca. Non deberían intentar manipular, intentar convencer de mentiras aos lucenses. De feito, vostedes neste mesmo salón de pleno fai un par de meses que as subiron. Por exemplo, hoxe custa catro veces máis, en certas zonas de Lugo, colocar unha estada que hai tres meses. Soben as ordenanzas e despois din que as conxelan. Son uns mentireiros compulsivos. Coincido co que dixó a propia alcaldesa Lara Méndez na presentación dos orzamentos o día 5 deste mes. Non é o momento de impoñer máis cargas á veciñanza, pero é que xusto fixeron o contrario.

Seguen negándose a rebaixar o IBI nun 10% como lles pedimos. Seguimos sendo a cidade de Galicia co IBI máis alto. Din que non soben os impostos, pero se mergullamos un pouquiño na documentación, podemos ver como xa están preparando e fundamentando unha suba radical de impostos.

Por exemplo, se nos imos ao informe do interventor, informe realmente duro coas súas contas, podemos ver xa un anuncio velado das intencións do equipo de

gobierno, ou preparando o terreo para facer unha importante suba de impostos, por exemplo, no recibo da auga vinculado ao ciclo da auga e vinculado ao servizo de recollida de lixo. Seguen mesturando conceptos financeiros para tratar de tapar estas subas impositivas que estaban aplicando pouco a pouco.

Seguen endebedando aos lucenses, ingresan 106 millóns de euros, mellor dito, din que van ingresar 106 millóns de euros, pero contan gastar 118 millóns de euros. E que fan para todo isto? Gastar moito máis do que din. E isto que provoca? Que non cumpren o obxectivo de estabilidade orzamentaria. Olo, isto non o digo eu nin o di o Partido Popular, que o di o interventor municipal. Non vou ser eu quen xulgue os seus presupostos, para iso está o interventor. E para iso piden un crédito de 11,7 millóns de euros, 11.775.000 euros, máis do 10% do orzamento municipal.

E a alcaldesa na súa memoria di que é un crédito moderado. Moderado, pero é máis do 10%, moderado, pero hipoteca a vida dos lucenses durante 11 anos que estaremos pagando este crédito.

E o interventor no seu informe tamén pon sobre a mesa outras dúas subas impositivas máis ou poñer en marcha dous impostos máis que non se estaban cobrando. Por exemplo, cobrar o lixo ás comunidades de veciños, por certo, veciños que xa pagan o lixo nos seus recibos persoais do lixo. E, segundo, cobrar o lixo nas parroquias do rural, onde con sorte se lle recolle unha ou dúas veces á semana o lixo, pero queren que paguen como os da rúa da Raíña. Onde non teñen abastecemento e onde non teñen saneamento de augas, pero vostedes para cobrar si se acordan do rural.

Queremos que nos digan ademais de onde van sacar os 13,8 millóns de euros que custa o servizo de recollida de lixo, tendo en conta que recadan a terceira parte do que custa o servizo. Recadan pouco máis de 4 millóns. Díganos de qué partidas van saír. E isto non o digo eu, repito, dío o interventor municipal.

Destinan ás 54 parroquias 268 mil euros de investimentos reais no seu plan de investimentos. Non o digo eu, dío o seu plan de investimentos. Renuncian ao saneamento e abastecemento, non o digo eu, é que non figura nos presupostos.

Nin un euro para o Garañón, nin un euro para poñer en marcha o auditorio de Magoi, nin un euro para o novo pavillón. Perdón, en investimentos de deportes van 10 mil euros. Díganme que van facer con 10 mil euros para facer un novo pavillón.

Nin un euro para poñer en marcha o edificio inútil verde que se fixeron fronte ás Termas ou para poñer en marcha as charcas de auga quente do "grifo" que ten a alcaldesa feitas onda o pazo de Feiras.

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac5985107946334517297.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 16-12-2022

Son un “bluf”. Non teñen pasta nin para poñer en marcha os proxectos ou as ocorrencias que vostedes mesmos anuncian. É que son un “bluf”.

Miren, as subvencións europeas sérvenlles para dilapilar cartos sen ningún tipo de sentido. É que beneficiosos serían para Lugo se en lugar de gastalas en “chorradas”, as utilizasen para facer proxectos e oportunidades para a nosa cidade. É dicir, deixarse de ocorrencias. E a nova ocorrencia, o novo proxecto estrela do Partido Socialista e do BNG en Lugo é facer unha cafetería na Fábrica da Luz. 658 mil euros para facer outra cafetería máis. Supoño que para tela cerrada, igual que a do cárcere ou igual que parece que pode pasar coa do Parque de Rosalía. Por certo, que non son 658 mil euros, que supoño que lle sumarán o custo do edificio, que xa vai en 2,4 millóns de euros de indemnización, máis 200 mil euros de multa, máis 2 000 euros ao mes que pagamos por alugar unha nave no Corgo para ter as turbinas que se negan a utilizar. Ese é o custo real da cafetería que queren facer na Fábrica da luz.

Ademais, seguen sen figurar cartos ou medios para facer fronte a proxectos imprescindibles, como o abastecemento e saneamento, como a falta de aparcadoiro nos barrios, como recuperar a explotación da Fábrica da Luz ou mellorar o mantemento da cidade. E, en cambio, si reservan para estes que lle dan fotos nos periódicos todos os días. Por certo, como xa saben que non van seguir gobernando o ano que vén, retíranlles 360 mil euros ao San Froilán e 70 mil euros ao Arde Lucus. Nótase que sabe que non os van organizar vostedes.

Son uns orzamentos malos para o Concello, malos para os lucenses e para a creación de oportunidades. E estas contas son a proba evidente de que queren queimar todos os cartos antes de maio e deixar arruinado ao que veña despois. Son a proba evidente de que saben que lle quedan 4 días aquí e que saben que se van.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois iniciamos a segunda quenda. Tres minutos para a concelleira de Gobernanza.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, alcaldesa. Señor Ameijide, estes son os cuartos presupostos consecutivos nos que vostede di sempre o mesmo. Sempre o mesmo, pero xa lle digo, vai dicilo nos quintos, nos sextos, nos sétimos e nos oitavos. Xa llo anuncio eu tamén.

Dito isto, hai dúas formas e dúas políticas de atender aos momentos de crise. E ademais son moi diferenciadas. Hai unha política como a crise de 2008, restritivas, antisociais, contraídas e que nunca miran pola xente. Esas son as políticas que aplicou o PP na crise de 2008. Pero nós non imos utilizar ese tipo de solucións. Por iso falamos de políticas expansivas e sociais, porque esa é a política que nós queremos para os nosos cidadáns de Lugo. E polo tanto non imos atender as



políticas que vostedes propoñen. Sorte para a cidade de Lugo que non van facer vostedes os presupostos do ano que vén. Dito isto, non sei que pretendía dicir co informe de intervención. Ese anuncio velado que fai o interventor. Chócame bastante que un habilitado puidese prestarse a facer un anuncio en nome dun goberno. Chócame bastante. Sobre todo, dá vostede unha de cal e outra de area. Primeiro dí que si, co informe de Intervención... Pero cando non lle convén, non.

E despois parece que nós utilizamos o interventor, cousa que, como podo imaxinar, non pode ser así, para que faga anuncios velados.

Aquí non se fai anuncio velado ningún, nin ese é o obxectivo do informe de Intervención. O que está claro é que non se cobra ás comunidades de propietarios na ordenanza 108. Non se cobran ás comunidades de propietarios porque consideramos, e así temos o informe de augas e lixo, que sería unha dobre imposición. Por iso non se fai.

Dito isto, respecto do crédito. Nos anos pasados houbo crédito exactamente igual. E ese informe de Intervención o que fala é de que é unha cantidade moi por debaixo dos límites prudentes, porque vostede utiliza o informe de Intervención para unhas cousas, pero non o utiliza para outras. E aí tamén o ten.

Despois, esa forma de falar de “chorradas”, cafetería, charcas, inútil verde. Por certo, inútil verde, están vostedes, case dentro de pouco vemos como anuncia a Xunta de Galicia o inútil verde que vostede lle chama. Porque agora todo son as súas propostas e agora nos sumamos ao carro.

Respecto á cafetería. Tratar de falar de cafetería cando estamos falando dun plan enogastronómico Cidade Vida, chámase. Onde podían ver como se concedían os 2 millóns de euros para a Fábrica de Luz. Non para a Fábrica da Luz, senón para un plan enogastronómico Cidade Vida. Aí está a Fábrica da Luz. Apostamos pola enogastronomía como ferramenta de competitividade turística internacional. Son 2 millóns que nos dá Next Generation. Nós, aí temos que apostar case con 700 mil euros. En parte, no capítulo 6 para a propia Fábrica da Luz. No resto, no capítulo 2 para o...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moitas grazas. Finalizou o seu tempo. Quenda agora para portavoz de Ciudadanos.

- **MARÍA OLGA LOUZA O ALDARIZ:** Señora Alvarells, de verdade, menos mal que nos queda a hemeroteca. Xa falaremos disto. Recordaremos estas súas palabras, porque, mire, o problema é que se non houberse fondos europeos, Lugo estaría abocado a anos de paralización porque non habería recursos suficientes. Isto é o que di o informe de intervención, que se vostedes seguen a súa voráxine

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac5985107946334517297.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 16-12-2022

de gasto descontrolado, non teremos cartos nin para pagar a luz, que xa houbo que pedir un suplemento de crédito para poder facer fronte ao recibo da luz.

Só quedará o recurso do endebedamento. Porque isto é o resultado de non ser un goberno de prioridades, senón un goberno de impulsos ou de ocorrencias. E os seus impulsos estamos convencidos de que nos custarán moitos cartos no futuro aos lucenses, porque aínda non nos explicaron como pretenden ter máis ingresos.

Porque o capítulo de ingresos non hai por onde collelo. Este si que se expande, señora Méndez e señora Alvarellos, ao seu criterio. Máis de 6 millóns de euros do que recadaron en 2021 e máis de 2 millóns do que orzamentaron en 2022. Xa nos contarán como é posible isto se non pretenden subir os impostos.

Señor Arroxo, non se confunda. Nós non falamos de contención do gasto, pedimos xestión. E xestión non é gastar sen control, senón valorar, tendo en conta a situación económica deste concello e a situación da cidade cales son as prioridades. E nós non concordamos con esas prioridades en moitas ocasións, porque non hai un estudo, nin nunha reflexión seria de en que se pretenden gastar os cartos deste Concello. Non se pode falar de solvencia nin de rigorosidade nin de eficacia económica cando a análise económica deste Concello lles quita absolutamente toda a razón.

Nós queremos que a nosa cidade avance, que sexa unha de futuro, que sexa unha cidade de oportunidades, pero iso non se conseguirá cunha administración hipotecada para os vindeiros anos no futuro, e non se conseguirá xerando máis gastos que ingresos. Algo terán que facer vostedes e non dan resposta. Ou soben os impostos, ou reducen servizos. A ou B. Ou, por favor, revisen o gasto discrecional desta administración que hai, e aí vostedes non queren meter man. Non sabemos por qué. Malia que desde o noso grupo o levamos dicindo anos e anos. Vostedes falan de contas expansivas, nós falamos de rigorosidade e de responsabilidade coa xestión económica deste Concello. O que volve a evidenciar estas contas é que son un bigoberno que non sabe gobernar, pero non por outra causa, porque non saben xestionar. E este é un requisito imprescindible se aspiran vostedes a repetir mandato. O peor de todo é que levan oito anos intentando aprender, pero unha e outra vez suspenden e con peores notas, que xa era complicado.

Non sei como terán pensado levar a cabo esta intensa transformación da cidade que presaxia a alcaldesa, e así remata a súa memoria, porque se a única herdanza que nos deixan aos lucenses é unha administración hipotecada, que por riba terá que facer fronte aos caprichos inútiles dun bigoberno que, ano tras ano, está perdendo toda a credibilidade, a verdade é que non nos espera un gran futuro como administración xestionada por este bigoberno.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas, pois quenda agora para o portavoz... Para o concelleiro, perdón, de Infraestruturas.

- **RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ:** Grazas. A verdade é que o Partido Popular ten que mudar algunhas consignas, porque levamos todo o mandato, cada vez que hai un debate de orzamentos (este é o cuarto), coa mesma consigna, repetindo que estes orzamentos son un manual para vender mentiras. E despois resulta que ese manual para vender mentiras se executa. Entón, igual a esa consigna hai que darlle un pouco de actualización. Falaba tamén o Partido Popular das irresponsabilidades de levar uns orzamentos cunha débeda do 9%. É curioso que fale o Partido Popular de responsabilidades de levar uns orzamentos nos que poida haber unha débeda do 9% do orzamento, cando, dende que o Partido Popular está gobernando a Xunta de Galicia, houbo un incremento pequeno, dun 226% da débeda da Xunta dende antes de chegar o Partido Popular. Dato obxectivo. Dato obxectivo que se pode calcular moi facilmente.

Menos mal que o Partido Popular nin está nin vai estar no goberno de Lugo. Porque senón isto sería un auténtico desastre. Porque ademais sabemos xa as receitas que están aplicando alí onde chegan. Pois aquí sería a nivel económico seguramente baixar as taxas e os impostos ás persoas que teñen máis recursos. Ademais, ese debate de baixar impostos, casualmente sempre que afirma o Partido Popular, pero sempre ás persoas con máis recursos. Despois dá igual. Porque despois imos incrementando a débeda, como pasou na Xunta, e que máis dá. Xa o pagarán as vindeiras xeracións. Iso si que é unha débeda perigosa. Se estivese gobernando o Partido Popular seguramente os orzamentos seguirían na liña do que fan tamén noutros sitios. Pois volver meter vehículos en zonas peonís, volver a retirar espazo das zonas peonís, eliminar elementos de calmado do tráfico para que se poida volver a altas velocidades. Un cambio drástico seguramente na actividade cultural. Posiblemente se deixaría de apostar pola cultura local e con eses cartos igual no San Froilán se traen outro tipo de grupos máis interesantes como Bertín Osborne, como vemos noutros sitios.

Dicía Ciudadanos, criticaba Ciudadanos, que se fixese un suplemento para pagar a luz. Claro, supoño que Ciudadanos, cando se aprobaron os orzamentos en decembro de 2021, xa sabía que ía haber unha guerra en Europa, xa sabía que ía haber unha serie de problemas enerxéticos e xa sabía que o prezo da luz que aparecía nos orzamentos de 2021 non ía servir para o ano 2022. A verdade é que para a próxima vez, eu creo que Ciudadanos debe estar nalgún grupo de asesoramento a nivel económico mundial, porque tendo ese tipo de informacións previas e podendo facer uns orzamentos con esas características, a verdade é que unha marabilla e facilita todo moito.

En definitiva, estes orzamentos marcan un proxecto claro que se leva facendo durante este mandato. E ademais co aval, xa o dicía antes, de que durante todo

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac5985107946334517297.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 16-12-2022

este tempo se foron executando as partidas orzamentarias marcadas. Polo tanto, estas vanse poder executar, e vaise poder seguir avanzando en que esta cidade mellore.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Quenda agora para o portavoz do Partido Popular.

- **ANTONIO AMEIJIDE OSORIO:** Moitas grazas, alcaldesa. Señora Alvarellos, non sei por que di o de utilizar o interventor. Se o utilizan ou non, o interventor é cousa súa, é del e do seu equipo de goberno. Niso non me meto. Pero a realidade do informe de Intervención é moi clara. Aquí di que os orzamentos non cumpren o obxectivo de estabilidade, e despois di que hai unha diferenza moi grande entre o que se ingresa, tanto no ciclo da auga como na recollida de lixo, en relación do que se ingresa co que custa. É dicir, ingresan polo lixo 4,9 millóns de euros e van gastar case 14 millóns de euros. Maquille os números como queira, pero a min non me estrañaría nada que dentro duns meses saíse vostede dicindo que hai que subir as taxas municipais no recibo da lixo e da auga porque, con base nun informe técnico dos servicios municipais, existe un descuadre entre os ingresos e os gastos, que implica que teñamos que cobrar o imposto ás comunidades de veciños e que teñamos que cobrar o lixo ao rural de Lugo, cando non se lles cobraba e, por certo, non se lles dá servizos. Non me estrañaría nada. Garde esta gravación porque ao mellor ten que repetila.

Falábao antes a señora Louzao. É que dalgún sitio teñen que saír os cartos, porque pretenden gastar o dobre na luz. E todo isto sen ter arranxado o contrato de subministración eléctrica. Antes gastábase en iluminación, ciclo da auga e algún edificio municipal case 5 millóns de euros, e agora vanse gastar máis de 11. É certo que subiu moito o recibo da luz, pero tamén se puido facer un contrato de subministración eléctrica en condicións, en tempo e forma. E seguro que estabamos mellor preparados.

E tamén se poderían reforzar os gastos para a emerxencia social, porque esta inflación, esta suba dos custos enerxéticos tamén a sofren os máis necesitados. E aquí están conxelando. Aí si que conxelan. Aquí si que se conxelan. Iso si que é verdade. Os impostos non os conxelaron. Pero as axudas a emerxencia social, si. Iso é certo. E iso si que se regula nestes orzamentos. Todos sufrimos a subida do custo da vida, e por iso o equipo de goberno ten a obriga de actuar niso. Pero para a imaxe da alcaldesa non se conxela. Non, non. Aí non. Aí hai 205 mil euros para a publicidade, propaganda e promoción da imaxe da alcaldesa, ollo! Pero para a publicidade, propaganda e promoción del Lugo, 10 mil euros. Claro, o primeiro é o primeiro. A imaxe de Lara é o primeiro, despois, a imaxe da nosa cidade. Cada cousa, cando toca.

Para vías públicas urbanas en 2021 reservaban 3,7 millóns de euros. Ah! En 2023, 2,3 millóns de euros. Pero é que isto non o digo eu, é que son os seus orzamentos que fixeron durante estes anos.

E así podería seguir nun sen fin de partidas:

- Parques e xardíns: 2022: 1,9 millóns de euros de investimentos. Hoxe, cero. Non o digo eu. Di o seu orzamento.

- Pavillón: 10 mil euros. Iso é o que hai, polo menos, na partida de deportes para investimentos.

Vólvolle a dicir. Son conscientes de que en maio os lucenses lle van ensinar a porta de saída. Están cansos dun bigoberno que non fai máis que derrochar e dilapidar cartos en ocorrencias. 2023 será o ano do cambio no Concello de Lugo, na Deputación Provincial e no Goberno do Estado. E grazas a iso van cambiar moito as cousas. En Lugo, na provincia de Lugo, e neste país. E deixaremos de derroches absurdos e gobernaremos para facer un Lugo de oportunidades, de creación de emprego e de futuro. Non o que están facendo vostedes.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois última quenda para a Concelleira de Gobernanza, un minuto.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas. Traizoouno o subconsciente, señor Ameijide.

O ano que vén vou vir aquí a dicir o mesmo. Dentro de dous meses vai dicir vostede... Traizoouno o subconsciente. Vou estar aquí! O ano que vén vou estar aquí! Ten vostede razón, como acaba de dicir.

Pero mire, soamente vou dicir unhas cousas. Houbo algunha emenda? Ningunha. Pero ningunha, porque hai que traballar. Estou segura. As propostas? Ningunha. Ata agora. Nin unha soa proposta, que hai que dicilo ben alto. Ademais, estou segura que en toda esa bancada só hai unha persoa que lía os presupostos. Vostede lía o que lle puxeron, pero non sabe de que vai. Porque non hai máis que oílo. Non hai máis que oílo.

Estou segura que soamente hai unha persoa. Podería apostalo. E vostede sabe quen é. E dende logo non é vostede. Como lle digo: nin unha emenda, nin unha proposta, nada, porque non os leu. A vostede fixéronlle un papeliño e vostede leuno. É o que fai.

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac5985107946334517297.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 16-12-2022

Ademais, nótase que non sabe de que está falando, señor Amejide. Polo tanto, expansivos e sociais. Eses son os nosos presupostos. Mirar para a xente.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Case preferiamos a actitude que asumira cando cría que podía ser alcaldable, que tiña un halo máis institucional. E volvemos ás de patio de gardería, de neno respondón.

Pois son os cuartos orzamentos que presentamos. Sempre o dixemos: a estabilidade presupostaria é fundamental para poder transformar as cidades e para poder investir nas cidades.

Súmome ao que dicía a conselleira de Gobernanza, que escoitar algunha declaración neste Pleno a verdade é que pon os pelos de punta, porque ou hai un gran descoñecemento ou a única finalidade de intentar enturbar é enganar e xerar medo -que niso son expertos tamén- á cidadanía, porque escoitar de que non vai ningunha partida para o Garañón, de que non vai ningunha partida para o auditorio, de que non vai, como se escoitou noutros plenos, nada para a praia fluvial. Nos gastos do impulso verde que tamén, por certo, non vai nada. Porque ou xa está executado, ou xa está consignado e, polo tanto, nalgún caso, a través da incorporación de remanentes terán o seu orzamento, pero que se executa.

Xa foi noutros orzamentos anteriores e vaise executando. Pero tamén é curioso, como aquí falan do impulso verde como "el inútil verde" e gustárame ler o que se tuiteou por parte da Consellería de Medio Ambiente, falando da importancia deste proxecto e deste edificio. Consellería de Medio Ambiente que non é presumible que nos os chamásemos por teléfono para pedirles que fixesen este tuit, que, por certo, poñen en valor o traballo que se está facer por parte do Concello.

Pois agora non aparece. En todo caso xa llo lerei nalgún momento. Quería facer unha lectura literal, pero viña a dicir algo así que é importante, pois, esas xornadas que se van realizar do Lugo máis biodinámico, nesa aposta do goberno en facer esas cidades sostibles. O Lugo máis biodinámico ten moitas actuacións, pero entre elas a máis característica e a que máis repercusión está tendo a todos os niveis, con distintos recoñecementos, é precisamente o edificio Impulso Verde.

Pero tampouco é de estrañar, porque hoxe, polo transcurso do debate, entendo que van votar que non a estes orzamentos. Pero é curioso como despois saen anunciando e presentando as nosas obras, os nosos proxectos. Van polas rúas dicíndolles aos veciños que queremos facer dende o Concello de Lugo. E o vería ben que se metesen en primeira persoa, isto é o que quere facer o Concello de Lugo, se o seu voto fose favorable nos orzamentos, pero cando é un voto desfavorable é que non comparten a liña orzamentaria. Dicir, porque como saú tamén aquí en moitas ocasións... Un presuposto non vén a identificar a situación

económica dunha administración, vén a establecer a folia de ruta que queremos levar a cabo.

E hai que facer unha interpretación global nun contexto xeral do que son os propios informes. Porque o Concello de Lugo, a día de hoxe, é un concello solvente. E como se dixo en moitas ocasións da insolvencia do Concello, dado que temos ao interventor no Pleno, gustaríame facerlle unha pregunta.

Señor interventor, o Concello de Lugo é solvente?

- **INTERVENTOR XERAL MUNICIPAL:** A ver, si a solvencia se define como la capacidad para salir de una situación, como la capacidad para enderezar el rumbo de una situación, sí.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Pois, reitero, reitero... Non, non... pois explícolles, explícolles. Non, non... (voces e murmurios de fondo) ... e sigo agora debatendo, cando mo permitan. Si? Por favor, estou na quenda de palabra, se me deixan...

Pois sigo reiterando. O Concello de Lugo a día de hoxe é solvente. E ademais o reflicte o propio informe de Intervención. Porque o efecto de acudir á débeda non significa que unha administración non sexa solvente. Es solvente cando hai a capacidade, como ben dicía o interventor, de devolver esa débeda. E temos a capacidade de devolver esa débeda. Porque inclusive, e póñolles un exemplo para ver se así se entende mellor, nas economías familiares todos imos a débeda, hipotecámonos e dásenos unha hipoteca en función da nosa solvencia económica. Incluso, pois, nesas análises de risco, para poder ser beneficiarios dunha hipoteca, din que non se pode superar un 30%. Isto é o que di a análise de risco.

Pero esta análise de risco, se se aplica ou se traduce á economía dunha administración, ou se se traduce á administración, resulta que chega ao 75%. O máximo no que se pode un endebedar, segundo a Lei de facendas locais, artigo 53. Isto é o que di. Polo tanto, pódese un endebedar, e nós ímonos ir a unha débeda dun 11%. Nun estado de débeda cero, nun estado, reitero, de débeda cero dende o ano 17.

E coa incorporación de remanentes, como ben teñen que saber xa, podemos enxugar a débeda como fixemos en anos anteriores, porque no orzamento de 2022 fómonos a 5,6 millóns de débeda, que enxugamos cos remanentes. No 21 fómonos a 7,1 millóns de débedas. Enxugamos novamente cos remanentes. Polo tanto, non tivemos que ir a esa operación bancaria. E este ano, posiblemente, pois poidamos facer algo similar na incorporación de remanentes. Estamos a falar dun 11% da débeda, cando, pois, como dicía a propia lei permite unha marxe bastante superior.

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac5985107946334517297.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 16-12-2022

Que non así, como dicía o concelleiro de Infraestructuras non o cumpren outras administracións. Que é curioso que veñan predicar o que non fan. Pero tampouco non é novo.

E este orzamento, ademais, non sobe impostos. Precisamente pola solvencia. E reitero, non sobe impostos, mais aló daqueles que por lei, por sentenza, houbo que modificar. Que son dúas cousas distintas. Pero a vontade política deste goberno é non subir os impostos, entendendo a situación económica deste momento.

En todo caso, a decisión de subir impostos ou non sería unha decisión política, non unha imposición técnica. Porque de non ser solventes, perdón, o informe de Intervención tería que ser un informe desfavorable. E, pois, ao mellor, obrigar a certos termos para corrixir a situación, que non se dá o caso tampouco. E creo que a maior mostra de solvencia que pode manifestar este Concello é que tivemos a capacidade de ir a un fondo de capital risco por un importe de 12 millóns de euros que non só vai xerar postos de traballo co seus correspondentes ingresos, os das empresas, os dos propios traballadores, senón que incluso vai permitir poder xerar diñeiro por formar parte do accionariado. E esta é a mostra máis gráfica de que temos un Concello solvente. E de que temos un orzamento pensado para as persoas.

E un orzamento que vai afondar nesa segunda gran transformación da nosa cidade na que levamos traballando xa case oito anos, e na que imos continuar traballando dende o aspecto físico da cidade, pero tamén dende o punto de vista económico.

Porque esa si ten unha fonte tamén de xerar ingresos importante. E por iso seguiremos traballando dende ese eido, sen esquecer nos nunca das persoas máis vulnerables, dese chanzo máis vulnerable da nosa sociedade.

Polo tanto, hoxe é un día importante para a cidade de Lugo, porque no que vai de mandato estamos a aprobar ou imos aprobar hoxe o que serán os cuartos orzamentos e a estabilidade presupostaria nos permite precisamente iso, seguir evolucionando, crecendo e pensando nas persoas, que é o último obxectivo que temos como administración e pensando en Lugo.

Así que imos proceder entón á votación do orzamento xeral para o ano 2023.

**2/169 APROBACIÓN DA PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE LUGO NA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS DA FUNDACIÓN BIODIVERSIDAD DEL MINISTERIO PARA LA TRANSICIÓN ECOLÓGICA Y EL RETO DEMOGRÁFICO, PARA A ACTUACIÓN DO ITINERARIO EXTERIOR DO PARQUE LINEAL VERDE DE LUGO - PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA. C.P. 23XX000015.-** Examinado tramitado para os efectos e vistos, entre outros, os



seguintes documentos:

1. PROPOSTA DO TÉCNICO DE DESENVOLVEMENTO LOCAL, conformada pola Concelleira Delegada da Área de Cohesión e Dinamización Social, do 5 de decembro de 2022, do seguinte teor:

**“PROPOSTA AO PLENO DA ADOPCIÓN DO ACORDO DE APROBACIÓN DA PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE LUGO NA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS DA “FUNDACIÓN BIODIVERSIDAD DEL MINISTERIO PARA LA TRANSICIÓN ECOLÓGICA Y EL RETO DEMOGRÁFICO”, PARA A ACTUACIÓN DO “ITINERARIO EXTERIOR DO PARQUE LINEAL VERDE DE LUGO” (Bases reguladoras na ORDE TED/1018/2021, DE 20 DE SETEMBRO – BOE do 28 de setembro de 2021, e convocatoria anunciada na web do Ministerio en outubro de 2022) – PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA. C.P. 23XX000015.**

**Vistos:**

1.- **ORDE TED/1018/2021, de 20 de setembro**, pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de axudas para a o fomento de actuación dirixidas á renaturalización e resiliencia de cidades españolas correspondente ao ano 2022, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

2.- **Anuncio convocatoria na Web da “FUNDACIÓN BIODIVERSIDAD DO MINISTERIO PARA LA TRANSICIÓN ECOLÓGICA Y EL RETO DEMOGRÁFICO”**. Prazo de presentación de solicitudes ata o 22 de decembro de 2022.

3.- **GUÍA DO SOLICITANTE E DOCUMENTO DE PREGUNTAS E RESPOSTAS**, dispoñibles na web do Ministerio:

[https://fundacionbiodiversidad.es/sites/default/files/multimedia/archivos/01\\_guia\\_presentacion\\_proyectos\\_.pdf](https://fundacionbiodiversidad.es/sites/default/files/multimedia/archivos/01_guia_presentacion_proyectos_.pdf)

4.- **Normativa Básica** a ter en conta:

- **Orde HFP/1030/2021**, de 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

- **Orde HFP/1031/2021**, de 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información a proporcionar polas Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico e Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac5985107946334517297.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 16-12-2022

- [Instrucción de 23 de decembro de 2021](#) da Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado sobre aspectos a incorporar nos expedientes e nos pregos rectores dos contratos que se vaian financiar con fondos procedentes do PRTR.

5.- **Plan de Medidas Antifraude do Concello de Lugo** aprobado por Acordo da XGL de 9 de febreiro de 2022.

6.- **PLAN DE ACCIÓN DE AXENDA URBANA**, denominado “**LUGO CIDADE VERDE**” aprobado pola Xunta de Goberno local, do 9 de setembro de 2022 (Dación de Conta ao Pleno o 30 de setembro de 2022). Neste Plan, a actuación “**ITINERARIO EXTERIOR DO PARQUE LINEAL VERDE DE LUGO**”, inclúese como unha das actuacións prioritarias, enmarcada no Obxectivo Xeral de AUE, no OE 1. Ordenar o territorio e facer un uso racional do solo, conservalo e protexelo. Integrado no Obxectivo específico OE 2, para evitar a dispersión urbana e revitalizar a cidade existente, e aliñada cos ODS: 11 e 15. Na páxina 12 do devandito Plan, figura unha ficha na que se inclúe esta actuación, que xa nese momento se denominou “Parque Lineal Verde”, como proxecto prioritario da actuación de renaturalización da cidade, que xurdiu do Plan estratéxico Biodinámico, realizado no marco da estratexia Life Lugo + Biodinámico.

7.- **Mesa pola Reindustrialización de Lugo**, da que forman parte diferentes administracións públicas, asociacións e confederacións de empresarios, e a universidade, para o impulso industrial do municipio de Lugo, onde tamén o sector medioambiental terá o seu espazo e presenza. A principal contribución foi o proxecto DISTRITO ZERO, para o impulso a posta en marcha de actividades empresarias relacionadas coa sostiñibilidade medioambiental e co impulso dun Lugo Verde e Sostible.

8.- **Estratexia Lugo Transforma**, é una estratexia pioneira en Galicia no eido municipal, coa que se mobilizarán 12 millóns de euros a través da constitución dun fondo público emprendedor para a captación de novas inversións para a cidade, atraer empresas e crear emprego sostible. Ao igual que no punto anterior, a actuación do “Parque Lineal Verde”, contribuirá ao desenvolvemento mediambiental e socio económico da cidade. Dende Lugo transforma, apóianse como prioritarias as iniciativas empresariais que contribúan ao desenvolvemento verde da cidade

**A ACTUACIÓN DO “ITINERARIO EXTERIOR DO PARQUE LINEAL VERDE DE LUGO”**, cuxo obxectivo xeral é que o devandito parque sirva como conector ecolóxico da cidade coa súa contorna. Para isto, no proxecto propónse unha serie de intervencións en dous espazos diferentes o longo do itinerario exterior del Parque Lineal, co dobre obxectivo de recuperar e consolidar os principais Hábitats Naturais e Seminaturais presentes no municipio de Lugo e os seus arredores, todo elo enfocado á conservación e fomento da biodiversidade, así como mellorar a

conectividade do Parque Lineal Verde reforzando o seu papel como corredor ecolóxico e o seu valor de conxunto como parte da infraestrutura verde de Lugo.

O ámbito obxecto do Parque Lineal Verde, está definido polo Plan Xeral de Ordenación Urbana de Lugo no apartado 11.1 do tomo I “Memoria”. Neste tramo suroeste, o Parque Lineal únese ao Parque do Río Miño e adaptase ao trazado do río recollendo aos espazos libres existentes, que se amplían incorporando terreos vacantes. Consiste nunha franxa do Parque Lineal que discorre entre la estrada N-VI Nacional Madrid – A Coruña e o Río Miño, desde a Ponte Vella sobre o Miño á Ponte Romana ata o paso peonil baixo a estrada LU-11, que une o Parque do Miño co Parque do Rato e o Parque da Tolda.

O Parque Lineal concíbese como un corredor verde, peonil e ciclista, que rodea a cidade e que fomenta a conectividade ecolóxica entre os espazos libres da trama urbana cos distintos espazos naturais do entorno. Así mesmo, contribúe a través dos seus itinerarios peonís e ciclistas, a un modelo de mobilidade máis sostible, con menor impacto ambiental sobre o medio natural a protexer, e que permite un uso e disfrute do espazo público respetuoso e compatible por parte da cidadanía. Esta senda verde ciclista, que na actualidade ten uns 16 kms. discorrerá paralelo á estrada N-VI Nacional Madrid – A Coruña entre a Ponte Vella sobre o Miño e o paso peatonal baixo a estrada LU- 11, que une o Parque do Miño co Parque do Rato.

Ademais entre os obxectivos específicos da actuación está conseguir a renaturalización dos espazos de actuación, o que fai necesario a recuperación, mellora e conservación da estrutura natural potencial en aquelas zonas de maior valor natural ao longo do itinerario exterior do Parque Lineal Verde dende unha acción global de tódolos seus estratos: herbáceo, arbustivo e arbóreo; favorecendo a rexeneración natural da vexetación potencial con todo o seu cortexo faunístico asociado; maximizando a biocenosis con especies autóctonas e procurando as solucións máis ecolóxicas baseadas na natureza, atentos sempre a ofrecer os máximos servizos ecosistémicos á cidade; conseguindo as condicións idóneas para impulsar un uso público sostible e coherente co valor ecolóxico do espazo, enfocado a que o cidadán poida ter acceso a espazos naturalizados periurbanos conectados para un disfrute e benestar en contacto coa natureza e impulsando liñas de investigación científica, comunicación e divulgación para a conservación e protección destes espazos e o fomento da biodiversidade.

O importe total da actuación é de 4.210.000 €, dos cales se propón solicitar unha subvención por importe de 3.999.500 €, e o resto cofinanciase polo Concello de Lugo, con cargo a unha partida económica global por importe de 3.150.000 €, que inclúe ademais da dotación necesaria para o cofinanciamento do proxecto, o importe das expropiacións necesarias e custos de persoal do Concello de Lugo, cos que se reforzará o plan de actuación.

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac5985107946334517297.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 16-12-2022

O prazo de execución da actuación denominada **“ITINERARIO EXTERIOR DO PARQUE LINEAL VERDE DE LUGO”**, abrangue dende a data de Resolución da convocatoria ata o 31 de decembro de 2025, prórrogas incluídas.

Tendo en conta o interese do Concello de Lugo en executar e acadar financiamento para esta actuación, e que o prazo para a presentación de solicitudes das referidas axudas, remata o **DÍA 22 de decembro de 2022**, e vistos os artigos 2.1.a e 8.3 da referida convocatoria, onde se recolle a obriga de que os concellos de mais de 50.000 habitantes ou capitais Provincia, deberán acordar a aprobación da presentación do proxecto no Pleno Municipal, **PROPONSE** que o Pleno, no uso das atribucións, adopte os seguintes acordos:

**PRIMEIRO.-** Aprobar a participación do Concello de Lugo na CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS DA *“FUNDACIÓN BIODIVERSIDAD DEL MINISTERIO PARA LA TRANSICIÓN ECOLÓGICA Y EL RETO DEMOGRÁFICO”*, PARA A ACTUACIÓN DO **“ITINERARIO EXTERIOR DO PARQUE LINEAL VERDE DE LUGO”**, de acordo coas Bases reguladoras contidas na ORDE TED/1018/2021, DE 20 DE SETEMBRO, e na convocatoria aberta dende outubro de 2022 ata o 22 de decembro de 2022. Estas axudas están incluídas no PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA – NEXT GENERATION UE - **C.P. 23XX000015**

**SEGUNDO.-** Acordar a presentación dunha solicitude de subvención, polo importe de 3.999.500 €, á convocatoria indicada no punto anterior, para a Actuación **“ITINERARIO EXTERIOR DO PARQUE LINEAL VERDE DE LUGO”**. O importe total desta actuación é de 4.210.000 €, dos cales se propón solicitar unha subvención por importe de 3.999.500 €, e o resto cofinanciase polo Concello de Lugo, con cargo a unha partida económica global por importe de 3.150.000 €, que inclúe ademais da dotación necesaria para o cofinanciamento do proxecto, o importe das expropiacións necesarias e custos de persoal do Concello de Lugo, cos que se reforzará o plan de actuación. **C.P. 23XX000015.”**

**2. DITAME FAVORABLE DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS E ORDINARIA DE ALCALDÍA E GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS**, emitido na sesión celebrada o día 13 de decembro de 2022.

Ao non suscitarse debate, sométese o asunto directamente a votación, acadándose os seguintes resultados:

**Votos emitidos: 23**

- **Votos a favor:** 23 dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE, do Bloque Nacionalista Galego e de Ciudadanos Lugo.
- **Votos en contra:** 0

- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade,  
**ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar a participación do Concello de Lugo na CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS DA “*FUNDACIÓN BIODIVERSIDAD DEL MINISTERIO PARA LA TRANSICIÓN ECOLÓGICA Y EL RETO DEMOGRÁFICO*”, PARA A ACTUACIÓN DO **“ITINERARIO EXTERIOR DO PARQUE LINEAL VERDE DE LUGO”**, de acordo coas Bases reguladoras contidas na ORDE TED/1018/2021, do 20 de setembro, e na convocatoria aberta dende outubro de 2022 ata o 22 de decembro de 2022. Estas axudas están incluídas no PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA – NEXT GENERATION UE - **C.P. 23XX000015**.

SEGUNDO.- Acordar a presentación dunha solicitude de subvención, polo importe de 3.999.500 €, á convocatoria indicada no punto anterior, para a Actuación **“ITINERARIO EXTERIOR DO PARQUE LINEAL VERDE DE LUGO”**. O importe total desta actuación é de 4.210.000 €, dos cales se propón solicitar unha subvención por importe de 3.999.500 €, e o resto cofinanciase polo Concello de Lugo, con cargo a unha partida económica global por importe de 3.150.000€, que inclúe ademais da dotación necesaria para o cofinanciamento do proxecto, o importe das expropiacións necesarias e custos de persoal do Concello de Lugo, cos que se reforzará o plan de actuación. **C.P. 23XX000015**.

- **DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Pois antes de finalizar o Pleno, gustárame agradecer o traballo de Rojo, como coñecemos familiarmente, de Jesús Rojo Cabanas, hoxe é o seu último Pleno. Nese traballo invisible, nese traballo eficaz sempre, pero ese traballo tan dilixente que vén facendo durante os corenta anos, algo máis de corenta anos, que leva exercendo a súa profesión aquí. Ese traballo tan necesario, ou sexa, que grazas polo teu compromiso e implicación durante estes corenta anos, e moita sorte nesta nova etapa que inicias.

**E non habendo máis asuntos de que tratar, a Excma. Sra. Alcaldesa dá por rematada a sesión, sendo as doce horas do expresado día dezaseis de decembro de dous mil vinte e dous, estendéndose esta acta que, de acordo co establecido no artigo 110.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, unha vez aprobada polo Excmo. Concello Pleno, transcribírase ó Libro de Actas, autorizándoa coas sinaturas da Excma. Sra. Alcaldesa, dona Lara Méndez López, e do Secretario. De todo o cal, eu, don Rafael José del Barrio Berbel, Secretario Xeral do Pleno, dou fe.**